

Álvaro Cunqueiro

TESOUROS NOVOS E VELLOS



literaria

galaxia

Álvaro Cunqueiro

TESOUROS NOVOS E VELLOS



TESOUROS NOVOS E VELLOS

Esta versión parte da 3ª edición impresa en 1997

1ª edición, 1964
1ª edición dixital, 2009

© Herdeiros de Álvaro Cunqueiro, 2009

© EDITORIAL GALAXIA, S. A. 2009
Avenida de Madrid, 44, baixo - 36204 Vigo
www.editorialgalaxia.com

ISBN: 978-84-9865-993-1

Ilustración da capa
Heinrich Füllmaurer: *Parábola do xoio e o campo de trigo*
parábola da levadura (fragmento)

Maqueta da colección e
deseño da cuberta
MANUEL JANEIRO

PRÓLOGO

CONSELLOS PRA ATOPAR TESOUROS

A verdade máis importante encol dos tesouros encovados é —o mesmo que se ten dito dos milagres— que realmente eisisten. Está ben que millós e millós de homes pensen hoxe que a busca de tesouros é empresa engañosa, fábula pra incautos. O certo, o certísimo é que no universo hai unha groriosa e moi doce realidade, a que máis felicidade pode proporcionar ó home e que está encovada. I encovada debaixo da terra, protexida por hamadriadas, ninfas, enanos e mouros de tez escura. Os pedagogos, que non conocen demasiado as cousas da vida, pretenden aleicionarnos, sabichós. ¡Ah, sí! ¡Vostede refírese a ises tesouros escondidos, simbólicos, que son a beleza, a verdade, o traballo, etc.! Esta espricación do tesouro oculto como símbolo do que ó home lle semella realidade preconizábel, que hai que ensalzar, é unha das moitas máscaras

triviales, dos moitos disfraces que os tesouros auténticos —os das onzas de ouro, os das olas soterradas cheas de xoias de outras épocas, os dos lingotes macizos— inventaron pra se esconderen mellor. Ó longo dos tempos, os tesouros —que como di o Cunqueiro no seu libro cómpre que nolos representemos como persoas, cos seus caprichos, debilidás e fortalezas— deprenderon moitas cousas nas súas táiticas. Agora empregan o vocabulario da psicoloxía, e mesmo da súa modalidade máis empingorotada, a psicoloxía de Jung. O tesouro escondido non é nin máis nin menos que o arcano dos alquimistas ou, traducido á lingoaxe moderna, o "Selbst", o "sí mesmo"; dito doutra maneira, non demasiado crara: a unidade interior, harmónica, da persoa, á que soio se chega tras longo pelingrinar polos carreiros da ialma e na que se integra todo o bo i o malo, o anxélico i o diabólico que hai no home.

Así, ises mouros, de escura tez, como o Monostato da Flauta máxica, *ises gardadores de tesouros, serían a personificación dun elemento importante do subsconsciente humán: a Sombra. A un tempo sinistros, medorentos e sempre unha miga simpáticos, non sabemos por qué, son os elementos negativos, de tódolos xeitos necesarios pra síntese harmoniosa da persoalidade. O home*

ten que asimilar as partes sombrías, avesedas, escuras, do seu subconsciente, e cantas máis partes negativas mellor, pra que a súa persoalidade se volva a verdade rica e integrada. Cantos máis mouros o garden máis rico e importante é o tesouro. Ou si hai somentes un, un soio gardián, iste debe ser de veras témero e medorento. Ora, pese á súa aparencia malina, unha vez que conquerimos entendérmonos co iles, chegan a se mostrar condescendentes e mesmo a nos prestaren, en ocasiós, unha disimulada axuda pra o achádego do tesouro escondido.

Pro a verdade é que ises tesouros que os buscadores andan a percurar non son "símbolos", non son paradigmas pra un Xanciño escolar, que con solercia amañamos pra que sirva de modelo ós nenos bos, ises nenos que tontamente nos empeñamos en que non teñan sombra, que odien ós mouros en vez de se entenderen co iles. Os tesouros ocultos son outra cousa distinta que o equilibrio da ialma que percuran os psicoterapeutas. Os tesouros escondidos son, nefeito, nin máis nin menos que eso: tesouros. Tesouros auténticos, realidades marabillosas de veras cobizables, difíciles de atopar, que se esquivan sempre, mesmo cando máis dediante as temos dos nosos ollos estantíos, que non se deixan apreixar, que

se escorren das nosas maos cando coidamos que as temos presas, que non se deixan describir máis que coas nosas fábulas, cos nosos contos cheos de asombro, de aglaio.

Son, ante todo, realidás marabillosas que non poden presentirse máis que si emprendemos, valerosos e cheos de pacencia e de amor, a súa percura. Pois o primeiro que cómpre facer pra atopar un tesouro é, naturalmente, percuralo. Pro esto non é tan doado como poidera coidarse. Non se pode buscar un tesouro ó tolo. Nin tampouco de maneira sistemática, científica. Nin é comenente por outra banda facelo con demasiado empeño, ousesionarse co descobremento dos tesouros. Tódolos que teiman na percura dos tesouros rematan por caer enfermos, por se convertiren nuns maníacos, presos dunha idea fixa, o grilón máis pesado de levar que o home pode poñerse. ¡Ah, si os homes, por natureza malvados, poideran poñer ós seus conxéneres ideas fixas en lugar de esposas e grilóns! ¡Como o gozarían! Pois sería o meirande daño que se lle poidese facer ó próximo. Cómpre ter coidado, polo mesmo, con non buscar demasiado os tesouros. Debemos de nos facer un pouco os distraídos, facer ver como que nonos buscamos, como que non nos interesan.